



**25** en negro  
**novembro** contra a  
**violencia**  
**de xénero.**

**non tapes os ollos !**



**ensino**

**A violencia contra as mulleres é unha lacra estrutural, multifactorial e de carácter mundial**

Ao asasinato de mulleres como máxima exteriorización deste problema social únese, ademais, o impacto que ten na súa contorna inmediata: fillos e fillas, familias.

A violencia é un elemento máis do sistema patriarcal, que divide a sociedade en dúas metades totalmente diferenciadas, binarias, xenerizadas en función da xenitalidade do seu corpo, provocando unhas expectativas diferentes para homes e mulleres. Estas últimas quedan ocultas tralas sutilezas do xenérico masculino, que favorece o androcentrismo como factor fundamental na configuración social.

**Afrontar este problema desde unha visión estrutural supón darlle unha dimensión máis axustada á realidade que impera,** de gran complexidade, e así situar o problema no centro da actualidade política, algo que a día de hoxe non pasa. É preciso xerar un novo escenario sociopolítico que promova valores igualitarios e democráticos, e liberdades e dereitos fundamentais que garantan a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

CC00 sempre puxo en valor, desde a súa aprobación, a Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero como instrumento legal decisivo para combater o impacto da violencia en todos os estamentos. Esta normativa supuxo un gran avance no recoñecemento de dereitos laborais e de seguridade social para as traballadoras vítimas de violencias machistas, como tamén o fixo o RD 1917/2008 polo que se aprobou o programa de inserción socio-

laboral das vítimas de violencia de xénero.

Malia iso, desde CC00 tamén puxemos de manifesto a falta de vontade política do Goberno para implementar adecuadamente estas leis, con recursos tanto económicos como humanos suficientes que garantan o seu desenvolvemento e aplicación efectiva.

Coa crise económica que terminamos pagando a cidadanía como escusa, existiu impunidade política para impoñer fortes restricións en materia de igualdade. O gran recorte orzamentario provocou a parálise case total da actividade dos organismos específicos. Esta situación levounos a unha absoluta desatención de quen padecemos a violencia nalgunha das súas manifestacións en xeral e, sobre todo e máis sangrante, de quen sufriron en primeira persoa, directa ou indirectamente, as violencias machistas, chegando a perder a súa propia vida.

Para a Federación de Ensino de CC00, é prioritario reivindicar, desde a loita sindical, medidas normativas reais que garantan unha educación libre de violencias, contidos curriculares obrigatorios que aseguren a erradicación dunha educación sustentada en valores obsoletos que non responden á realidade nin dos nosos traballadores e traballadoras nin, moito menos, do noso alumnado, independentemente da etapa educativa na que se atope.

Xa que logo, esiximos á Administración educativa que sitúe como prioritario no debate político a erradicación da violencia cara ás mulleres e cara a aquelas persoas que non cumpren coa expectativa social derivada dun modelo ancorado nun sistema estrictamente binario, patriarcal e desigual.

Defendemos unha educación que nos faga libres, lonxe do machismo, o sexismo, violencia en calquera das súas manifestacións, ben sexa por motivos de sexo, xénero, identidade ou expresión de xénero.

## ÁMBITO EDUCATIVO

Respecto da anterior lei educativa, a LOMCE supuxo un empeoramento en materia de igualdade entre mulleres e homes.

Con carácter xeral, os libros de texto seguen mostrando evidencias claras de sexismo e non se desenvolveron suficientes materiais curriculares que reflectan e fomenten a igualdade efectiva entre mulleres e homes, eliminando os estereotipos sexistas. Ademais, os consellos escolares dos centros non teñen recursos para promover a igualdade dos sexos e o profesorado adoce de formación inicial para a coeducación. Tampouco se promove unha formación permanente que supere esa lagoa; a inspección educativa non supervisa e impide o sexismo; non se xeneralizan actuacións específicas nin se forma a profesionais da educación para a prevención e resolución pacífica dos conflitos.

Bótanse en faltan actuacións concretas que aborden unha educación afectivo-sexual integral nos centros educativos e recursos suficientes para a erradicación de todas as formas de discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero, elementos primordiais dunha educación para a igualdade e contra a violencia de xénero. Os recortes e políticas de austeridade que limitan os recursos dos centros de ensino público, os cambios na lexislación educativa co reforzo dos centros segregados por sexo, a desaparición do carácter obrigatorio para todo o alumnado da materia de Educación para a Cidadanía e a perda de peso da educación en valores están prexudicando enormemente o avance da igualdade entre mulleres e homes, fundamental na loita contra a violencia de xénero.

## PROPOSTAS DE CCOO

O educativo é un ámbito especialmente chamado a promover cambios que favorezan relacións igualitarias entre as persoas e acabar con todo tipo de discriminación. Por iso, debemos insistir na necesidade de que se reforcen os medios para levar a cabo nos centros educativos un labor contra a violencia cara ás mulleres. Porque esa violencia masculina non é natural, senón apresa e, xa que logo, pode ser substituída por valores sociais positivos baseados no respecto, a solidariedade e a igualdade. E porque entendemos que desterraremos mellor a violencia de xénero mediante accións preventivas, suscitadas desde unha perspectiva positiva de aprendizaxe dunhas boas relacións entre os sexos, desde unha perspectiva coeducativa.

É necesario levar a cabo un cuestionamento da normatividade imposta nas escolas que nos chega a través de múltiples canles, como a relixión, a política, os medios de comunicación, a familia, os discursos científico-médicos e, sobre todo, a través dos propios centros educativos como dispositivos de control social.

As administracións educativas deben poñer os medios para que o profesorado e resto de profesionais da educación implíquense de xeito efectivo na tarefa, animando á colaboración coas familias.

É preciso:

- Fomentar unha educación en valores iguais para mozos e mozas, unha educación para a igualdade de mulleres e homes, libre de estereotipos de xénero.

- Desenvolver contextos educativos de respecto, favorables ás relacións democráticas e igualitarias entre os sexos, onde se combata calquera mostra de violencia de xénero.

-Elaborar e aplicar plans de formación, inicial e permanente, para o conxunto de profesionais do ámbito educativo, que inclúan formación específica en materia de igualdade, para a resolución pacífica de conflitos e para a educación dos afectos.

-Integrar nos contidos curriculares a igualdade, a loita contra o sexismo, unha educación sexual e dos afectos e emocións que respecte as diversas opcións identitarias e sexo-afectivas e a resolución pacífica dos conflitos.

-Promover a elaboración de materiais e contidos curriculares sen estereotipos sexistas ou discriminatorios, que fomenten o igual valor de homes e mulleres, cunha linguaxe que visibilice ás mulleres, nomeándoas.

-Asegurar a presenza nos consellos escolares dos centros dunha persoa encargada de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

**-Crear, en cada centro educativo, un departamento de igualdade e contra a violencia de xénero.**

-Dotar ás unidades de igualdade das universidades dos recursos materiais e humanos necesarios que lles permitan atender as situacións de violencia de xénero, así como fomentar os bos tratos.

-Garantir a incorporación de contidos curriculares en materia de igualdade e contra a violencia nos distintos grados universitarios.

-Incluir no Informe anual do Consello Escolar do Estado sobre o sistema educativo o grao de aplicación nos centros das medidas que favorecen as relacións igualitarias entre os sexos.

-Reforzar a actuación da inspección educativa na súa función de velar polo cumprimento e aplicación dos principios e valores destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.

-Suprimir os concertos aos centros educativos que segregan por sexo ao seu alumnado.

**ACABAR COA VIOLENCIA É UNHA TAREFA DE TODAS E TODOS  
NON TAPES OS OLLOS !!**

